



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

No Salón de Actos da Casa do Concello de Friol, ás trece horas e cuarenta minutos do día doce de xuño de dous mil dezanove, reuníronse en sesión extraordinaria (á que foron previamente convocados) baixo a presidencia do Sr. Alcalde Don José Ángel Santos Sánchez, os señores concelleiros Don Mauro Faustino Mourín González, Don Jesús Julio Cortiña López, Dona María Josefa Janeiro Vizcaíno, Dona María Ángeles Pilar López López e Don José Antonio Barreiro Villar.

Non asisten os concelleiros Dona María Isabel García Pacín, Don Juan Carlos Casal Pena, Dona Fátima Iglesias Núñez, Don Álvaro Santos Ramos e Dona María de los Ángeles Martínez Martínez.

Elo para dar cumprimento ao disposto no art. 36 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, no senso de que o terceiro día anterior ao sinalado pola lexislación electoral para a sesión constitutiva dos concellos, os concelleiros cesantes, tanto do Pleno, como da Xunta de Goberno, reuniranse en sesión convocada ao solo efecto de aprobar a acta da última sesión celebrada.

Asiste como Secretario o da Corporación, Don Julio González Casanova, que da fe do acto.

Ábrese o acto polo Sr. Alcalde-Presidente, pasando seguidamente ao estudo do único punto ao que se refire á convocatoria, de conformidade co establecido na normativa vixente, a aprobación do borrador da acta da sesión anterior.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Dáse conta ao Pleno do Concello do borrador da acta da sesión extraordinaria celebrada o vinte e nove de abril do actual, repartido coa convocatoria.

Polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase aos señores concelleiros se están de acordo coa redacción da acta, ou queren facer algunha alegación ao respecto.

Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa plantexar ningunha cuestión ao respecto, sométese a votación a aprobación do borrador da acta. O Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (seis votos a favor) **ACORDA** prestar aprobación ao borrador da acta da sesión extraordinaria celebrada o vinte e nove de abril do actual.

Unha vez realizada a votación, polo Sr. Alcalde-Presidente faise unha breve intervención. Di que se trata do último pleno da lexislatura, desexando o mellor posible para todos no persoal, concluíndo que os que aquí quedan estarán á disposición de todos, para o que necesiten.

E non habendo mais asuntos que tratar na orde do día, , polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo as trece horas e coarenta e cinco minutos data ao principio indicada, de tódolo que eu, Secretario, redacto acta e dou fe.